

## TEMPO DE NADAL 2024-2025

O Concello de Outes, a través do CIM (Centro de Información ás Mulleres) ofrécelles ás familias con menores de idades comprendidas entre os 3 anos (escolarizados) e os 12 anos o servizo de conciliación “Tempo de Nadal” 2024-2025, que forma parte do programa “Outes Concilia”. Desenvolverase os **días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro e 2, 3 e 7 de xaneiro, en horario de 8:00 a 16:00 horas**, no edificio autónomo do CEIP Plurilingüe de Outes.

**A inscrición** permanecerá aberta desde o **2 ata o 12 de decembro**. As prazas son limitadas.

Xunto coa solicitude de inscrición débese achegar o consentimento para o tratamento de datos persoais CIM, servizos do programa “Outes Concilia”, ambas debidamente cubertas e firmadas xunto coa documentación complementaria.

**Documentación complementaria a achegar**, sempre que non esté en poder do Concello de Outes, si xa consta comuníque o expediente no que figura:

Fotocopia do libro de familia. No caso de tratarse de familias numerosas ou monoparentais acredítalo co título correspondente.

Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o menor

Copias da declaración da renda do ano 2023 de ambos proxenitores

O persoal técnico responsable do servizo poderá requirir outra documentación complementaria ou adicional que precise.

As solicitudes poden **presentarse de xeito telemático**, a través da sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>), **ou** de xeito **presencial** no Rexistro do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres.

A listaxe de admisión no servizo será publicada na páxina web do Concello de Outes.

As familias poderán facer uso deste servizo de conciliación de forma fixa ou ocasional (días soltos) en función das súas necesidades, permitindo a entrada e saída flexible.

**Para un bo desenvolvemento das actividades diarias** programadas, recoméndase

que en caso de que non se faga uso do horario completo **a incorporación** ao mesmo sexa **sobre ás 10:00 h e a saída a partir das 13:30 h**. As nenas e nenos terán opción de almorzar e xantar no servizo, para iso é preciso comunicalo previamente e aportar os alimentos en termos ou neveiras.

**O prezo público** de “Tempo de Nadal” figura establecido na ordenanza reguladora correspondente e ascende a **30 € mensuais**, podendo ser utilizado por un importe de **6 € por día e servizo**.

### **Exención e bonificación:**

Segundo as circunstancias da unidade familiar aplicaranse os seguintes descontos:

#### 1.-Exención

A emisión dun Informe Social do departamento de Servizos Sociais que indique a necesidade do servizo sen que haxa posibilidades económicas para aboar o custo do mesmo conlevará a exención da cota.

#### 2.- Bonificación

Cando asistan ao mesmo servizo varios irmáns/irmás de xeito simultáneo, o segundo irmán/irmá e sucesivos terán un desconto do 50%.

Esta bonificación non se aplicará cando fagan uso do servizo en días soltos.

**Máis información no CIM de Outes, en horario laboral de 9:00 a 14:00 horas, número de teléfono 981850949.**